



COGAMI

COGAMI

nº 43 / xuño 2019
Edición trimestral

Nova xunta directiva en COGAMI





Sinatura de convenio entre COGAMI e a Universidade de A Coruña



Ángeles Ameneiro, unha das alumnas de COGAMI

COGAMI e a Universidade de A Coruña únense para innovar en domótica e impresión 3D

O reitor da Universidade de A Coruña, Julio Abalde, e mailo presidente de COGAMI, Anxo Queiruga, asinaron un convenio para investigar a favor das persoas con discapacidade no Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e da Comunicación (CITIC).

Este acordo supón realizar proxectos de investigación de fomento do uso das TIC e mellorar a participación e a autonomía a través de solucións baseadas nos principios do deseño universal,

centrado nas necesidades das persoas usuarias. Segundo explicou o director do CITIC, Gonzalo Penedo, estase traballando na creación dunha sala de demostradores tecnolóxicos que simulará un espazo de vivenda doméstica con elementos instalados de domótica e outros servizos como asistentes por voz ou realidade virtual. Tamén se está avaliando o desenvolvemento de adaptacións coa tecnoloxía 3D que está evolucionado tanto as próteses como as órteses.

COGAMI leva impartidos 20 cursos neste primeiro semestre do ano

Ángeles Ameneiro é unha das 214 persoas que neste primeiro semestre do ano se formou con COGAMI nalgún dos 20 cursos que impartiu a Confederación e que financiou a Consellería de Política Social.

Ángeles formouse, xunto a outras 11 persoas da comarca compostelá, nun curso de limpeza que se desenvolveu en Santiago, a cidade na que reside. Afirmo que sempre traballou neste servizo dentro do sector da hostalería, como camareira de piso, como auxiliar de limpeza de cocinas ou tamén como traballadora no servizo de lavandería. Sen embargo, malia a experiencia obtida na súa longa traxectoria profesional, Ángeles confirmou que este curso servíulle para adquirir coñecementos teóricos dos que carecía, sobre todo relacionados co uso adecuado, manipulación e almacenamento dos produtos de limpeza, e tamén para coñecer os riscos que poden producirse durante a manipulación dalgúns deles. Dous días antes de rematar o curso, presentouse a unha oferta de emprego relacionado co sector da limpeza e resultou seleccionada para o posto, co que xa non foi necesario que se presentara ás prácticas formativas.

Ángeles non foi o único caso que logrou a inserción tras formarse con COGAMI durante este semestre do ano. Outras 15 persoas máis lograron inserirse ao remate dun dos cursos ofertados pola área de Formación. Todas as persoas formadas coincidían en que, ademais de estar en situación de desemprego, estaban apuntadas no Servizo de Intermediación Laboral (SIL) como demandantes de emprego, unha bolsa que actualmente está conformada por máis de 20.269 persoas inscritas, sendo homes 11.920 e 8.349 mulleres.



Asistentes á presentación do programa Incorpora tralo remate do acto

Concello de Lugo, Urbaser e Incorpora únense na inserción laboral

O salón de plenos do concello de Lugo foi o lugar de encontro dos 20 alumnas e alumnos do curso de limpeza viaria e recollida de residuos impartido no punto formativo Incorpora de "la Caixa" que ten COGAMI no centro de recursos de Fingoi. Alí foron recibidos pola Alcaldesa da cidade, a Xerencia da empresa Urbaser, lugar de realización das prácticas, ademais de representantes de entidades sociais que forman parte do

programa Incorpora "la Caixa". Este programa supón, para as persoas en situación ou en risco de exclusión, unha oportunidade para acceder ao mundo laboral. No ano 2015 abre un punto de formación nas instalacións que ten COGAMI en Lugo, co fin de xerar oportunidades de ocupación na empresa ordinaria con apoio e seguimento por parte do persoal técnico do programa.



Integrantes da xunta directiva de COGAMI

Anxo Queiruga renova o cargo de presidente de COGAMI para os vindeiros catro anos

A Xunta Directiva tamén se renova con seis incorporacións

Anxo Antón Queiruga Vila renova o cargo por catro anos máis como presidente de COGAMI. Así o decidiron por maioría os votos de representantes das entidades membro directo en representación das 54 que conforman a Confederación, durante a celebración da XVII Asemblea Xeral Extraordinaria. Esta nova xunta directiva conta con seis novas incorporacións, sendo estas a do secretario, Víctor Silva e como vogais Carmen Fernández, Juan Antonio da Silva, Rosalía López, José Luis Lolo e Montserrat Cuevas. A nova xunta directiva vai afrontar como retos para esta nova investidura o lograr a visibilidade e a participación en igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, ademais da

promoción da autonomía persoal e a vida independente. Outra liña de acción de COGAMI será dar continuidade ao traballo desenvolvido no ámbito rural, para garantir as mesmas oportunidades no acceso aos servizos que unha persoa que viva na cidade. Primordial será tamén a aposta polo emprego, tanto na empresa ordinaria como nos centros especiais de emprego de iniciativa social, onde se pedirá a inclusión de cláusulas sociais nos procesos de contratación da Administración Pública, para dar oportunidades ao noso colectivo. Outros dos eixos fundamentais da folia de ruta de COGAMI para estes catro anos son: o empoderamento da

muller con discapacidade e a posta en marcha de políticas inclusivas que dean resposta ás necesidades das mulleres e nenas con discapacidade; a cohesión do movemento asociativo potenciando o traballo en rede dende o ámbito local ata o europeo para levar a cabo proxectos innovadores; a formación e a educación inclusiva que garanta persoal, ferramentas e instalacións adecuadas; ademais dun sistema sanitario público, accesible, que garanta a adecuada intervención e o acceso a tratamentos e á investigación. “E todo isto, apunta Anxo Queiruga, require dun financiamento estable que garanta a continuidade e a posta en marcha de novos servizos que dean resposta ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade”.



NOVA XUNTA DIRECTIVA



PRESIDENTE
Anxo Queiruga



VICEPRESIDENTE
Ramón Sestayoy



VICEPRESIDENTA 2ª
Mónica Álvarez



SECRETARIO
Víctor Silva



VICESECRETARIA
Juani Tubío



TESOUREIRO
Álvaro García



VICETESOUREIRO
Paulo Fontán



VOGAL
Celso Álvarez



VOGAL
José Luís Costoya



VOGAL
Laura Quintas



VOGAL
Manuel Santos



VOGAL
Ignacio Rodríguez



VOGAL
Carmen Fernández



VOGAL
Juan Da Silva



VOGAL
Rosalía López



VOGAL
José Luis Lolo



VOGAL
Montserrat Cuevas

Un programa piloto de Integratex forma ao mesmo tempo que ofrece oportunidades laborais



María Vizcaíno, á esq., e María Aneiros, impulsoras do programa piloto de Integratex

Hai tres anos, COGAMI embarcaba nunha nova aventura de inserción laboral: a apertura da tenda outlet téxtil da marca Pull&Bear na céntrica Calle Real de Ferrol. Esta iniciativa, enmarcada no programa 'for&from' de Inditex, consiste na venda de artigos de campañas anteriores a prezos reducidos en réxime de franquía especial. Ofrece, polo tanto, unha oportunidade laboral a persoas con discapacidade e permite que entidades como COGAMI poidan ter unha fonte de financiamento porque, a partir da doazón inicial que chega de Inditex para a construción da tenda, o modelo faise auto sostible para as organizacións a través da venda do produto.

A diferenza das outras dez iniciativas de economía social que xestiona COGAMI Empresarial, a tenda Pull&Bear é un lugar de tránsito. Todas as persoas que empezan a traballar aquí saben que non van estar máis de dous anos ocupando o seu posto de traballo. O motivo é que teñen que dar o paso á empresa ordinaria, xa que a apertura desta iniciativa establece que é un proxecto que serve para formar cara ao emprego ordinario. Aquí as persoas empregadas cobran o salario estipulado polo sector do comercio mentres que, ao mesmo tempo, están aprendendo a adquirir competencias en como dirixir unha tenda, como atender á clientela, como facer pedidos de mercadoría, como colocar e dobrar as prendas,...

en fin, aprenden a desenvolverse no seu posto de traballo de maneira que estean preparadas para poder traballar como profesionais do sector do comercio ordinario e non o protexido, como son os centros especiais de emprego. Pero, como chegan as persoas a traballar neste programa 'for&from'? María Vizcaíno, xerente do centro especial de emprego Integratex que comprende este proxecto, e María Aneiros, coordinadora do centro de COGAMI en Ferrol, son dúas das profesionais que se encargan de establecer as metodoloxías necesarias de coordinación, procedimentación e comunicación entre todas as persoas implicadas no proxecto, sendo estas: a traballadora, a familia, a contorna



Exterior do establecemento Pull&Bear

laboral, a área de Recursos Humanos de COGAMI e o Servizo de Intermediación Laboral (SIL).

Valores

Este proxecto parte de que ten que existir unha igualdade de oportunidades e de condicións, onde se rexeita calquera discriminación por motivo de discapacidade. Outra das premisas coas que conta é a promoción dos valores compartidos e orientados cara á cohesión social, permitindo que todas as persoas con discapacidade teñan as oportunidades e recursos necesarios para participar dunhas condicións de vida en igualdade cos demais. Para alcanzar estes valores, é necesario un traballo compartido entre os distintos responsables que terán que adecuar as capacidades de cada persoa á produtividade da tarefa.

Obxectivos

O obxectivo final deste Programa Piloto Integratex é a inclusión da persoa en empresas ordinarias, co fin de lograr a súa plena integración laboral. Para lograr isto, é preciso contar con experiencia previa nun posto de traballo e adquirir coñecementos que lle van ser aportados a través da formación, dúas características que se están producindo cando se entra a formar

parte deste proxecto. As 16 persoas que xa formaron, e aínda forman parte deste programa, adquiriron uns hábitos que lles van favorecer tanto no seu benestar físico como tamén no social, sendo posible porque estar dentro deste proxecto axuda a fomentar as relacións interpersoais e o desenvolvemento laboral, axuda a que a persoa tome decisións por si mesma e sinta que a súa imaxe é aceptada no centro de traballo, axudando ao seu empoderamento persoal.

Selección de persoal

A área de Recursos Humanos, en coordinación co SIL, especifica as funcións de cada un dos postos necesarios, detallando as súas características e as capacidades necesarias para poder cubri-lo. Recollida esta información, o SIL inicia a busca de candidaturas na base de datos que manexa, para recrutar posibles candidaturas iniciais que poidan cubrir os postos demandados.

Tras a primeira preselección, o SIL define a persoa candidata máis axeitada para o posto e derívaa á xerencia, a encargada de comunicarlle á persoa seleccionada as características do posto que vai desenvolver.

No caso de ser necesario, tamén existe a posibilidade de reunirse coa familia da persoa seleccionada para aclarar aspectos do posto de traballo e da selección realizada.

En palabras de María Aneiros, a coordinadora de COGAMI Ferrol, "este programa xa é coñecido en Ferrol polas persoas usuarias que temos apuntadas na base de datos do noso servizo de emprego. Cada vez que chamamos a unha persoa para formar parte del, acóllese con moita ilusión porque ven que chega o seu momento para empezar a traballar".

Durante os dous anos que dura a persoa dentro deste proxecto, realízase un seguimento e está aberta unha comunicación continua entre o centro especial de emprego, o SIL e a persoa traballadora.

En palabras de María Vizcaíno, xerente de Integratex "a riqueza da Organización COGAMI é que traballamos conxuntamente dende os diferentes servizos que prestamos, como se pode ver neste proxecto que é o traballo unido entre COGAMI Social e COGAMI Empresarial".

Polo de agora, a valoración que obtén este programa piloto é moi positiva tanto por parte da xerencia da empresa como por parte do SIL.



Hornos Lamastelle presenta os seus produtos na Feira de Economía Social



Durante a sinatura do convenio en Carballo

Hornos de Lamastelle, unha das 15 entidades participantes na Feira de Economía Social

A cidade de A Coruña acolleu a segunda edición da Feira de Economía Social, co fin de amosar unha economía centrada nas persoas e na mellora da súa calidade de vida. Durante dez horas que permaneceu aberta esta feira, desenvolvéronse charlas, debates, actividades culturais e xogos e obradoiros infantís. Tamén houbo un espazo habilitado para que as empresas de economía social participantes

puideran expoñer os seus produtos e ofrecer información, como así fixo Hornos de Lamastelle, unhas das quince empresas que estivo presente. Con este tipo de eventos o que se pretende, dende o sector de economía social, é visibilizar un tipo de economía que se centra no coidado do emprego e do cadro de persoal das propias empresas.

Coregal inicia a recollida de residuos de empresas do polígono de Carballo

Coregal, o centro especial de emprego de economía social que se encarga da recollida, selección e preparación de residuos para posterior reciclaxe en xestores autorizados, iniciou os labores de recollida de papel, cartón e plástico das empresas integradas na Comunidade de Propietarios do Polígono de Carballo. Así o recolle o convenio asinado polo secretario desta entidade empresarial, Juan Carlos Fernández, e mailo conselleiro delegado de Galega de Economía Social, Ramón Sestayo.

Outro dos puntos recollidos no convenio é a periodicidade coa que se levará a cabo o servizo, sendo esta unha vez á semana, quedando estipulado durante os xoves en horario de 15:00 horas.

O servizo de recollida, carga e transporte de papel, cartón e plástico xerado polas empresas adheridas á Comunidade de Propietarios do Polígono Carballés denomínase "Porta a porta", e consiste en que un operario recolla o material de refugallo que cada unha destas empresas deixará diante das instalacións para posteriormente ser depositado nun camión compactador que o transportará ata o punto autorizado para a súa reciclaxe.

Este convenio, aparte de contribuír na mellora e coidado do medioambiente tamén ofrecerá carga de traballo a unha empresa que integra a persoas con discapacidade, favorecendo a súa inclusión social e laboral.

Coregal ten un centro de traballo en Carballo dende 2009, no polígono de Bértoa onde traballan 19 persoas. Actualmente, realiza traballos de recollida selectiva de cartón e envases en concellos limítrofes como Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe e Malpica, ademais de xestionar recollidas destes residuos en empresas tanto do polígono como dos concellos.



Reunión mantida coa Conselleira de Infraestruturas onde anunciou o inicio do servizo

Combina Social, centro especial de emprego que xestiona o transporte público baixo demanda

A Dirección Xeral de Mobilidade conta con Combina Social SL para a xestión da central de reservas dos servizos de transporte público baixo demanda. Realizará, polo tanto, a posta en marcha do servizo telefónico de atención, información e reservas de prazas no sistema de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral da Xunta, ademais de xestionar as queixas, reclamacións e suxestións que serán remitidas ao servizo correspondente da administración.

Para desenvolver esta actividade, realizouse unha selección de persoal que estaba previamente apuntado como demandante de emprego no Servizo de Intermediación Laboral (SIL) de COGAMI. Para atender este servizo conta cun director/a, responsable técnico/supervisor, dúas operadoras/es telefónicos e tres suplentes.

O servizo iniciou no mes de xuño en horario de 8 a 20 horas de luns a venres, sendo o teléfono de atención o 988 687 800.



Luísa e Diego traballan na área de Accesibilidade

COGAMI traballa na elaboración dunha proposta no regulamento de accesibilidade en Galicia

Persoal técnico de COMBINA SOCIAL S.L. e da área de Accesibilidade de COGAMI están a traballar na elaboración dunha proposta de regulamento de accesibilidade para que se desenvolva e cumpra o establecido na Lei de Accesibilidade de Galicia 10/14 de 3 de decembro. Nesta nova proposta teranse en conta os mínimos de obrigado cumprimento que marca a normativa estatal e ademais aportará melloras necesarias e derivadas da experiencia no asesoramento e na resolución de problemáticas que se manifestan en relación coa accesibilidade. Dende o equipo técnico de accesibilidade crese necesario a recollida dunha

ordenación que facilite o manexo para as persoas que deberán aplicar a normativa, tratando de corrixir a dispersión e a complexidade no manexo que se lle achaca á normativa actual. Parte da metodoloxía que están a empregar está relacionada coa explicación gráfica das normas e das medidas que hai que aplicar porque así o esixe a lei, pero que facilitarán a comprensión e a aplicación na práctica. Esta nova redacción da proposta de Lei de Accesibilidade de Galicia 10/14 de 3 de decembro recollerá tamén unha explicación que estará motivada das medidas que se propoñan e que supoñan melloras sobre a normativa

estatal, sendo esta a que fixa os mínimos de obrigado cumprimento e, polo tanto, constituirán a base para elaborar a proposta actual.

O equipo que se encarga da elaboración desta proposta de accesibilidade conta con experiencia en auditoría, asesoramento en propostas de deseño universal, ademais de formación en accesibilidade. Encargouse de aportar propostas de mellora na normativa estatal de accesibilidade dentro da comisión de Accesibilidade do Cermi Estatal e como membros responsables do Grupo de traballo de Accesibilidade de COCEMFE e participou nos Comités de Accesibilidade da UNE.



Ramón Sestayo e Evencio Ferrero asinan o convenio

Dixardín encargárase de mellorar as zonas verdes do concello de Carballo

O centro especial de emprego Dixardín será o encargado de mellorar espazos axardinados do concello de Carballo. Así o recolle un contrato asinado na capital bergantiñá entre o alcalde, Evencio Ferrero, e o conselleiro delegado de Galega de Economía Social, Ramón Sestayo.

Tras esta sinatura, Dixardín terá que mellorar e acondicionar 11 espazos axardinados durante os vindeiros tres meses, localizados nas prazas do Concello, de Galicia e da Cruz Vermella, o parque Rego da Balsa e sete rotondas. En total serán axardinados 8.430

metros cadrados. A maior superficie corresponde ao parque Rego da Balsa, con algo máis de 3.000 metros cadrados, e a menor, á rotonda da avenida de Razo, con 78,50 metros cadrados. Ademais, levarán a cabo a colocación de 35 xardineiras nos soportes das luminarias de distintas rúas e 4 torres florais nas rúas Martín Herrera, Desiderio Varela e Cervantes. As intervencións que se van acometer por un importe de 88.572 euros, comprenderán a mellora do estado actual de todas as áreas verdes, instalando nelas un sistema de rede

de rega automática, unha nova cuberta vexetal e iniciarase un proceso de substitución do céspede por unha pradería formada por un conxunto de especies perennes e anuais co obxectivo de poñer en valor os espazos urbanos con especies autóctonas e propiciando unha floración gradual de vivas cores ao longo do ano. En xeral utilizaranse especies arbustivas e arbóreas que non precisen reposición para optimizar a xestión dos xardíns, pero empregando á vez especies anuais que aporten vistosidade e cor ás zonas verdes.

Juani Tubío Ordóñez

Coordinadora área de Promoción da Autonomía Persoal

“Este proxecto servirá como referente na prevención da dependencia e na promoción da autonomía persoal”

Aberto o prazo de envío de solicitudes para formar parte do Proxecto Innovador para a Promoción da Autonomía Persoal que COGAMI inicia en Santiago, nas instalacións do CEGADI. Juani Tubío explica este proxecto que iniciamos tras case vinte anos de traballo e constancia por parte da nosa Organización, para dar resposta ás demandas das persoas con discapacidade.



COGAMI. Por que en COGAMI se acolle con tanta satisfacción o inicio deste proxecto?

J.T. Porque xa levamos anos preparando este proxecto de investigación que está dirixido á mellora da autonomía persoal das persoas con discapacidade ou en situación de dependencia. Con este proxecto, que se fai en colaboración coa Xunta de Galicia, o que se pretende é investigar sobre metodoloxías, ferramentas e produtos de apoio que poidan facilitar a autonomía das persoas que están en situación de dependencia ou discapacidade. Parte moi importante é que ten carácter experimental polo que, unha vez validados os resultados, servirán de referencia para formar parte da futura carteira de servizos e accións comúns da Xunta para

a prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal para o colectivo de persoas con discapacidade.

Cal sería a finalidade deste proxecto innovador?

Analizar cales son as metodoloxías, ferramentas e produtos de apoio necesarios para que unha persoa con discapacidade e/ou en situación de dependencia acadese o maior grao posible de autonomía persoal na contorna natural de desenvolvemento persoal e social. Estamos establecendo contactos coa Universidade de A Coruña, concretamente coa facultade de Terapia Ocupacional, para desenvolver un proxecto de investigación a través da tecnoloxía 3D para deseñar produtos de apoio de baixo custo que faciliten a autonomía da persoa.

Sabemos que o prezo dos produtos de apoio no mercado ás veces non é asumible por todas as persoas debido ao seu alto custo, polo que temos que investigar se a través dunha impresora 3D podemos deseñalos acorde ás necesidades concretas.

Dentro desta colaboración coa Universidade tamén falamos de investigar sobre outros mecanismos como a realidade virtual ou outras novas tecnoloxías que faciliten a comunicación.

Que requisitos son necesarios para formar parte deste proxecto innovador?

Os requisitos esixidos poden atoparse todos publicados na páxina web www.cogami.gal. Cando se len estes requisitos, xa se pode apreciar que establecen un rango de idade que abarcaría dende os 3 ata os 60 anos. Tamén é necesario o certificado discapacidade física e/ou orgánica recoñecida, estar en situación de dependencia ou coa necesidade de apoios para a recuperación funcional. Aquelas persoas que están en trámite para obter o certificado de discapacidade ou a valoración de dependencia tamén poderían formar parte do proxecto, porque somos coñecedoras de que existe unha lista de espera para obter estes certificados.

Consideraranse como casos prioritarios aquelas persoas que acaben de adquirir unha discapacidade que lles ocasione unha situación de dependencia e/

ou que teñan unha enfermidade de carácter dexenerativo que as convertan en obxectivo deste proxecto de cara a retrasar ao máximo a dexeneración física e cognitiva.

É necesario, ademais, contar con algún requisito de carácter médico, por exemplo?

É necesario que se presenten informes médicos, psicolóxicos e sociais nos que se especifique a recomendación da realización destas terapias que poida precisar a persoa. Por exemplo, contamos cunha piscina terapéutica pero terá que ser un profesional quen recomende que é beneficiosa a terapia da auga para a persoa.

Que outras terapias se van practicar neste proxecto?

Ademais de terapias funcionais, de logopedia, de rehabilitación e terapias dentro da auga, tamén se vai traballar o entorno cun enfoque comunitario, na contorna da persoa. Non debemos esquecer que as persoas teñen que volver á súa vivenda, á súa vila, polo que será necesario tamén traballar a accesibilidade, ademais da participación na súa comunidade, a busca de emprego ou a formación. Realízanse itinerarios de vida independente individualizados acordados ás necesidades e características de cada persoa.

Que papel cumpren as familias

dentro deste proxecto?

O papel das familias é moi importante, principalmente cando son menores. Vanse facer obradoiros coas familias para aprender competencias e ter ferramentas para que as nenas e nenos acaden maior autonomía.

Ata cando estará en funcionamento este proxecto?

As bases públicas recollen unha duración de catro anos, polo que o proxecto estará aberto ata que se cubran todas as prazas. Seis meses antes do peche do proxecto valorarase se se poden admitir máis persoas para poder traballar con elas esa nova metodoloxía e que se vexan os resultados na mellora da súa autonomía persoal.

Detrás do proxecto innovador, entendemos que hai un equipo humano amplo.

Existe un equipo interdisciplinar composto por unha Traballadora Social, tres Fisioterapeutas, tres Terapeutas Ocupacionais, unha Neuropsicóloga, unha Logopeda e unha Auxiliar Administrativa. Por exemplo, pode ser que unha persoa que está no proxecto precise participar máis en terapia de rehabilitación e outra necesite recibir máis sesións de logopedia, ou que se traballe no súa contorna ou co seu centro escolar. Será a propia persoa quen vaia trazando as súas necesidades.

Para asistir a este proxecto, onde están situadas as instalacións?

Estamos no andar baixo das instalacións do Centro Galego de Desenvolvemento Integral para Persoas con Discapacidade (CEGADI), que están situadas na zona de Salgueiriños, concretamente na Rúa Xosé Chao Rego, pero o noso ámbito de actuación implica toda Galicia. No caso de que a persoa precise que a intervención sexa no seu domicilio, atenderanse as necesidades da persoa, polo que nos desprazaríamos ata a súa casa.

A que enderezo se debe enviar a solicitude para formar parte deste proxecto?

Unha vez lida a documentación que detalla os requisitos que hai que reunir para formar parte do proxecto, débese cubrir a folia de inscrición e aportar unha fotocopia do DNI da persoa ou seu representante legal, o certificado de discapacidade, no caso de telo recoñecido ou xustificante de solicitalo, a resolución de recoñecemento de situación de dependencia ou o xustificante de solicitude, ademais de informes médicos, psicolóxicos e sociais actualizados. Toda esta documentación deberá ser entregada neste correo electrónico cegadi@cogami.gal. Para máis información, existe tamén un teléfono de contacto 981 11 99 98.



Equipo de profesionais que forma parte do Proxecto Innovador para a Promoción da Autonomía Persoal



O manexo de bicicletas adaptadas, unha das actividades realizadas na xornada deportiva



José Antonio durante a sesión de fisioterapia

Éxito da I Xornada de Deporte Inclusivo realizada por ADISBISMUR

A Asociación de Persoas con Discapacidade da Bisbarra de Muros organizou a I Xornada de Deporte Inclusivo en centros escolares de Outes e Muros, co fin de poder compartir unha xornada deportiva entre as persoas usuarias da entidade e escolares da comarca.

Dende o centro de recursos de Valadares desprazáronse ata o IES Fontexeria de Muros para practicar actividades deportivas co alumnado dos cursos de 1º e 2º da ESO. Ciclismo con bicicletas adaptadas, baloncesto e voleibol en cadeira de rodas, boccia,

bádminton e unha lona cognitiva foron algunhas das actividades que compartiron. O outro centro escolar que participou nesta xornada deportiva foi o CEIP Plurilingüe de Outes, cos cursos 4º, 5º e 6º de primaria. Con este tipo de actividades o que se pretende é, aparte de practicar outras actividades deportivas que poidan ser menos coñecidas, sensibilizar ao alumnado sobre a discapacidade e crear unha contorna de convivencia en igualdade, onde o que importan son os valores da superación, compañeirismo, integración e socialización.

“Son máis independente na miña vida diaria e iso non ten prezo”

José Antonio No Ponte é unha persoa usuaria da asociación Grupo de Persoas con Discapacidade de A Coruña (GRUMICO). A esta entidade asiste ao programa denominado Rehabilitación integral, Promoción da autonomía persoal e Benestar das persoas con discapacidade física para recibir sesións de fisioterapia. Durante 45 minutos, nunha sesión individualizada, José Antonio traballa a parte física e funcional co fin de poder acadar a maior autonomía posible. Segundo el mesmo nos conta, estas sesións están sendo moi favorables e non só para o estado físico porque, segundo di, “noto a recuperación de movementos perdidos e o mantemento da forma física, e por suposto tamén se agradece a boa compañía e que as sesións sexan tan agradables rodeados das profesionais e doutras persoas asociadas. Son máis independente na miña vida diaria e iso non ten prezo”.

Este programa que desenvolve GRUMICO é posible a través do financiamento que procede do recadro X Solidario con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, que por segundo ano, é a Xunta de Galicia a que se ocupa da distribución destes orzamentos para fins sociais.

Cando unha persoa fai a declaración da renda e marca o recadro 106 de “Actividades de Interese Xeral consideradas de Interese Social” na declaración, axuda a outras moitas, como é o caso de José Antonio, que poden participar en programas de mellora da calidade de vida.

O programa conta con catro servizos fundamentais: Traballo Social, Terapia Ocupacional, Fisioterapia e Transporte Adaptado. O equipo de profesionais traballa coordinado, dirixido á rehabilitación, á promoción da autonomía persoal e ao benestar das persoas usuarias.



As entidades da Federación Coruña asistiron á formación en Santiago

Éxito de asistencia na xornada de comunicación organizada por COGAMI para as entidades

As áreas de Fortalecemento do Movemento Asociativo e de Comunicación e Relacións Institucionais de COGAMI organizaron unha xornada de comunicación interna para as entidades membro das catro federacións provinciais.

Nestas xornadas, que contaron cunha grande afluencia de persoal técnico das entidades, ofrecéronse unhas pautas básicas de difusión da misión, visión e valores das nosas entidades, tanto a nivel on line como tamén off line. Así, durante estes obradoiros

explicouse dende como redactar unha nota de prensa ou como organizar un evento protocolario coa asistencia de autoridades ata como publicar nas redes sociais unha actividades e tamén, como sacarle o máximo partido ás páxinas web.

Trátase, en definitiva, de que as entidades adquiran competencias á hora de levar a cabo a difusión externa do seu día a día, cuidando a mensaxe e a imaxe que a vai acompañar.



Unha das xuntanzas realizada por integrantes da Comisión Sociosanitaria



De esq. a dta. Ramón Sestayo e Antonio Torralba

Saúde para todas as persoas, unha demanda da Comisión Sociosanitaria de COGAMI

Cun chamamento a toda a sociedade e á Administración Pública, así foi como a Comisión Sociosanitaria de COGAMI quixo conmemorar o Día da Saúde. Este grupo de traballo, que está constituído por entidades de discapacidade orgánica, aproveitou esta data festiva para demandar dereitos que aínda están por cumprir.

Entre as demandas realizadas destacan a necesidade dun acceso en igualdade á saúde, sen que supoñan barreiras ter discapacidade, unha enfermidade crónica ou o lugar de residencia. Outras das propostas é a necesidade dunha

saúde humanizada, onde a persoa implicada poida participar na toma de decisións. Finalmente, outra demanda na que fan fincapé na Comisión Sociosanitaria é a toma de medidas que regulen o acceso á medicación, sen que supoña o lugar de residencia unha diferenciación. No Día da Saúde a Comisión Sociosanitaria quixo darlle máis visibilidade ás súas demandas, por iso realizouse unha campaña en redes sociais que chegou a acadar 22.000 impactos en Facebook e 3.400 en Twitter.



A presidenta de ACADAR, no centro, asistiu á presentación da guía

ACADAR presenta en colexios unha guía sobre violencia sexual en mulleres con discapacidade

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) presentou en centros educativos de secundaria de Lalín, Ourense e Monforte a guía Violencia Sexual cara ás nenas e mulleres con discapacidade, un estudo que pretende dar visibilidade ás distintas realidades que viven as mulleres e nenas con discapacidade.

A razón de escoller alumnado de secundaria é porque con esta idade teñen que empezar a concienciarse desta realidade e posicionarse como

axentes de cambio ante esta violencia sexual.

Trala presentación, as persoas asistentes tiveron a oportunidade de ver unha representación dunha performance realizada pola artista Mónica Mura e unha exposición das fotos recollidas na guía e realizadas pola artista. A guía foi posible co financiamento da Secretaría Xeral de Igualdade e o Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad.

ConArtritis-Santiago, nova entidade membro de COGAMI Coruña

O número de entidades da Federación COGAMI Coruña incrementou na XXI Asemblea Xeral Ordinaria celebrada en Santiago de Compostela. Por maioría absoluta, aprobouse a entrada da delegación en Santiago da asociación ConArtritis, unha entidade que ofrece orientación e acompañamento a pacientes e reivindica a visibilización e a sensibilización social sobre a enfermidade da artrite.

Para agradecer a entrada, asistiu o presidente nacional da entidade, Antonio Torralba, quen afirmou a necesidade de crear asociacións representativas da enfermidade crónica porque, segundo dixo, "a sanidade cubre todo pero temos desamparo en servizos sociais".

Taichi, balneoterapia, asesoramento, psicoloxía, campañas de sensibilización como a iluminación de edificios públicos durante o Día Mundial da Artrite, cadeas humanas para facer visible a doenza ou 'Un café con artritis', son algunhas das actividades que realiza a entidade.

ConArtritis-Santiago

ConArtritis-Santiago é unha delegación fundada en 2018 que pertence á Coordinadora Nacional de Artritis, con máis de 15 anos de traxectoria.

A delegación en Santiago ten por finalidade mellorar a calidade de vida de persoas enfermas de artrite reumatoide e enfermidades afíns, axudar, apoiar e prestar asistencia a todas as persoas afectadas ou familiares, defender intereses comúns e divulgar información. ConArtritis-Santiago ofrece orientación no mesmo momento do diagnóstico e tamén acompañamento nos distintos procesos da enfermidade.

3 de maio: Día Nacional da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade



Unha proposta enviada a través do CERMI Estatal (Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade), do que COGAMI forma parte, derivou por parte do Consello de Ministros do Goberno de España na declaración oficial do día 3 de maio como o Día Nacional da Convención Internacional sobre os Dereitos da Persoas con Discapacidade de 2006. Dita Convención é o tratado internacional que promove, protexe e asegura os dereitos humanos das persoas con discapacidade en todo o mundo, polo tanto, é o marco de referencia de todas as políticas públicas e lexislacións que se levan a cabo en España no dominio das persoas con

discapacidade.

A data do 3 de maio foi elixida por ser o día no que a Convención entrou en vigor, sendo durante o ano 2008, tras lograr o número esixido mínimo de ratificacións de Estados que forman parte, como é o caso de España. Con esta declaración do Día 3 de maio, trátase de contribuír ao coñecemento, difusión e toma de conciencia acerca desta Convención e os seus principios, valores e mandatos, estendendo a cultura e a práctica dos dereitos humanos na esfera das persoas con discapacidade.

Este ano 2019 é, pois, o primeiro no que se conmemora oficialmente este día, ocasión que o movemento social

organizado da discapacidade aproveita para resaltar a relevancia da Convención como a mellor e a máis firme aliada das persoas con discapacidade, mulleres e homes, nenas e nenos, e como o dispositivo xurídico, político e social máis apropiado para facer efectivos nosos dereitos, inclusión e benestar. As recomendacións deste Comité referidas a mulleres e nenas con discapacidade, grupo maioritario dentro das persoas con discapacidade e máis exposto á violación estrutural e sistemática dos seus dereitos, son particularmente esixibles e urxentes, polo que deben constituír obxectivo preferente tanto das políticas públicas de igualdade como das de discapacidade.

Esta Convención de 2006, ademais dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), serán quen marque a axenda política da discapacidade dos próximos anos, tras pasar polas recomendacións que o Comité dos Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas formulou a España. Interpretar, despregar e aplicar a Convención redobrará os efectos de cambio social que necesitamos as persoas con discapacidade para lograr contornas, relacións e comunidades plenamente inclusivas, sostibles humana e socialmente, respectuosas e valedoras da diversidade como ben de primeira magnitude, digno de promoción e protección.

O programa político e social para que a Convención de 2006 e os ODS sexan unha realidade práctica nun período razoable é inxente e o movemento cívico de dereitos humanos das persoas con discapacidade e as súas familias estará vixilante para que os poderes públicos, os axentes sociais, os operadores económicos, os medios de comunicación e toda a sociedade encamiñen a súa actuación con estes postulados.

www.cogami.gal



Visite nuestras oficinas en:

A Coruña
Rey Abdullah nº 9
Tel.: 981 140 250
E-mail: eop.galicia@eoprim.es

Santiago de Compostela
Fernando III El Santo 31-33
Tel.: 981 591 192
E-mail: eop.santiago@eoprim.es

Ourense
Cruceiro Quebrado 10
Tel.: 988 391 285
E-mail: eop.ourense@eoprim.es

Vigo
Zamora 94
Tel.: 986 413 333
E-mail: eop.vigo@eoprim.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL